

Contra a violencia machista

UNIDADE DIDÁCTICA para traballar
nas aulas de **SECUNDARIA** o **25N**



Introdución

As violencias de xénero son unha das formas de expresión das opresións derivadas das relacións do sistema sexo-xénero. Historicamente, elas estableceran relacións de poder desiguais entre mulleres e homes na nosa sociedade, levando as mulleres a unha situación de subordinación respecto ao xénero masculino. Polo tanto, é unha problemática na que todas as persoas estamos implicadas.

As violencias e desigualdades de sexo-xénero exprésanse de diferentes maneiras nos máis diversos espazos, porque elas aséntanse en pautas culturais, nos costumes e nas tradicións que aprendemos desde que nacemos. O ámbito educativo non está exento desas violencias. Alí tamén atopamos uns espazos que son ocupados de maneira desigual, os xogos reproducen estereotipos, así como a linguaxe e determinadas condutas sexistas. Tamén nos atopamos con actos ou ameazas de violencia sexual, física ou psicolóxica que poden ser explícitas ou non, e ir máis aló das paredes do centro educativo. Pero os centros educativos tamén poden ser un espazo estratéxico para traballar na prevención das violencias. É preciso camiñar neste sentido para que consigamos construír sociedades máis xustas.

Esta unidade didáctica busca ser un apoio para quen quere traballar nas aulas ou combater as



violencias de xénero cunha perspectiva feminista. Neste documento, propóñense dinámicas que abordan diferentes aspectos relacionados coas violencias de xénero dirixidas ao público adolescente, para poder contribuír a que as aulas sexan un espazo de experimentación da igualdade e libres de violencias. Cada profesional poderá adaptar as propostas á realidade do centro onde interveña, do tempo do que dispoña e do nivel de coñecemento do alumnado sobre o tema. Cada dinámica contén os seus obxectivos e contidos específicos e poden ser complementarias unhas ás outras. Esta unidade tamén conta cun glosario para axudar a clarificar determinados conceptos e que se poidan introducir nas análises e reflexións que se fagan.

Obxectivos

- ▷ Reflexionar sobre as violencias de xénero.
- ▷ Promover espazos sen violencias.
- ▷ Entender as causas e a estrutura que sustenta as violencias de sexo-xénero.
- ▷ Cuestionar os estereotipos de sexo-xénero.

Metodoloxía

A proposta metodolóxica é participativa e dinámica, utilizándose actividades que fomenten a reflexión, o diálogo e a construción colectiva de alternativas, para pór en valor as experiencias e coñecementos da mocidade.

Partimos da idea de que as vivencias e coñecementos da mocidade conforman un caldo de cultivo importante para debater e entender as problemáticas tratadas, ademais de partir das súas vivencias para buscar alternativas. Así buscamos implicala no enfrontamento das violencias de xénero.

Introducir este tipo de temas nas aulas non é fácil, pero é necesario e di moito sobre os valores e actitudes que queremos promover co noso alumnado. Así, paga a pena tentar algúns aspectos que fagan a diferenza no proceso de formación.

Un dos aspectos fundamentais é abordar o xénero dunha forma transversal. O coñecemento e os materiais de ensino teñen unha perspectiva antropocéntrica e sesgo de xénero que son transmitidos como unha historia única, verdades absolutas, invisibilizando outras historias, realidades e coñecementos de colectivos minorizados, como as mulleres. Esas ideas tradúcense nunha identidade normativa, en estándares, modelos de comportamentos que reforzan a construción de desigualdade entre as persoas. Por iso interesa estimular o cuestionamento sobre eses modelos e como son reproducidos para desfacer o imaxinario heteropatriarcal que divide a nosa sociedade en dous mundos: o mundo dos homes e outro das mulleres. Sobre eles establécese que determinadas características fisiolóxicas do corpo das persoas, como os xenitais, deben coincidir coa identidade sexual e a orientación sexual, que tamén están divididas en dúas e deben ser opostas e complementarias.

Antes de comezar a introducir eses temas na clase debemos ter en conta algúns aspectos básicos. Nese sentido ten importancia o papel das

dinamizadoras como condutoras das actividades onde é importante:

- **Ter sensibilidade para abordar este tema.** A violencia e as relacións de sexo-xénero teñen fortes compoñentes relacionais e vivenciais, podendo espertar emocións e facer que as persoas se sintan máis susceptíbeis.
- **Proporcionar un espazo inclusivo e seguro para o debate.** Iso implica coidar que todas as persoas se sintan escoitadas. Que a súa palabra e ideas valen.
- **Ter unha linguaxe inclusiva.** Utilizar unha linguaxe próxima e inclusiva, equilibrando o uso de femininos e masculinos. Escoitar todas as opinións é fundamental para o bo desenvolvemento de calquera actividade.
- **Tratar a violencia de xénero como é, unha consecuencia do sistema social que a sustenta e a reproduce.** Hai diversas formas de expresión das violencias de xénero, os asasinatos son só a punta máis alta do iceberg. Para mitigar os asasinatos, hai que traballar sobre a súa base.
- **Evitar a (re) vitimización.** As mulleres en situación de violencia fan por sobrevivir. Hai moitos factores que inflúen para que esta situación exista. Ser consciente das violencias invisíbeis é o primeiro paso para previr e comezar un proceso activo.
- **Non naturalizar estereotipos.** Un dos traballos previos é repensar os nosos prexuízos e estereotipos que temos interiorizados e reproducimos sen darnos conta, pero que os expresamos e móstranse contraditorios co noso discurso.
- **Dar visibilidade da realidade e as achegas doutros colectivos.** dado que as relacións sexo-xénero tamén están atravesadas por outras desigualdades sociais.
- **Rexeitar todo tipo de violencia.** incluída a homolesebóitránsfobia

Actividade 1. Modelo *Instagram*

Introdución

Na nosa sociedade seguen vixentes os estereotipos de xénero e estándares de beleza. Son instrumentos que reforzan as opresións de sexo-xénero e a promoción da violencia. Os modelos non están moi afastados dos establecidos no século XIX. Eles adaptanse ás novidades e establecen novas formas, mantendo as estruturas de desigualdade e xerarquía entre os sexos e os xénero.

Nesta actividade traballaremos sobre os estereotipos e estándares de beleza pondo o foco sobre as imaxes que vemos nas redes sociais como o *Instagram*.

Os estereotipos de xénero poden ser explicados polo determinismo biolóxico a través de diferenzas entre os sexos, que condiciona o que debería significar ser unha muller e ser un home. Sobre eses dous corpos establécense características tanto físicas, como de personalidade e de comportamentos. Ademais establece os ámbitos que deben ocupar, por exemplo, as mulleres nos espazos privados e os homes nos espazos públicos. Noutras palabras, os estereotipos de xénero responden as típicas frases como “a muller na casa e o home no traballo”, “a muller débil e o home forte”, “os homes non usan saia e as mulleres non usan garavata”, “as mulleres non saben conducir” “os homes non saben ser delicados”. Estas frases parecen do século pasado e



ridículas, pero seguen vixentes e carrexan consecuencias moi violentas.

En consecuencia vemos como todo na nosa sociedade está relacionado ou co mundo feminino ou masculino: as profesións, os estudos, as características... e como as desigualdades tamén se establecen nestes ámbitos.

Asociado aos estereotipos de xénero, atópanse os estándares de beleza, os cales constitúen unha construción social que debuxa o marco no que se considera como belo para cada xénero. Así xorde o ideal de beleza feminina asociado a delgadeza, as curvas, o cabelo longo, a pel sen marcas, branca... Mentres que o ideal de beleza masculina (mais laxo, por certo), está vinculado a altura, a forza física, entre outros trazos.

Como consecuencia, ambos establecen modelos inalcanzábeis para a maior parte das persoas, ademais de establecer a obrigatoriedade de definir a súa identidade sexual como sendo dun ou doutro sexo. E que pasa coas persoas que se resisten a entrar nestes modelos? Vale lembrar que sobre os corpos tamén se establece a hetero-normatividade.

Así ambos funcionan para estigmatizar, discriminar e excluír unha gran parte das persoas ao establecer xerarquías, violencias e relacións de dominación e competición entre as persoas.

Cuestionar estes modelos, así como identificar por onde son exercidas esas presións e como alimentamos por medio das nosas accións, é un paso importante para fomentar o respecto e a diversidade de corpos e de identidades.

Obxectivos

- Favorecer a análise sobre os modelos de corpos con relación ao xénero que persisten na nosa sociedade e os estándares de beleza.
- Relacionar os estereotipos de sexo-xénero, e os modelos e estándares de beleza coa violencia de xénero.

Materialais

Follas grandes A3 ou/e pinturas.

Paso a paso

Esta actividade ten 2 partes: unha primeira na que se fai un traballo individual e logo outra na que traballaremos en grupo os modelos de home e muller difundidos nas redes sociais.

Na primeira parte pedimos que cada alumna ou alumno se debuxe nunha folla de papel. Pódese dicir que ese debuxo non se vai mostrar a ninguén, que o importante é que destaquen como se ven. Na parte de atrás da folla escriben as súas características persoais, os seus gustos e algunha cousa rara que teñan. Gardamos ese papel.

Comezamos coa segunda parte:

Dividimos a aula en 4 grupos. 2 grupos deben debuxar como é o modelo de muller *Instagram*. Como están os corpos? Se están vestidos ou non? Que destacan? Que fan? Ao lado do debuxo describen as características sociais e psicolóxicas referentes a ese modelo. Os outros 2 grupos fan o mesmo co modelo masculino.

Enseguida expoñemos os debuxos de forma que dun lado estean os dous debuxos do modelo feminino, e do outro o modelo masculino.

Nesta posta en común, reflexionamos sobre cada modelo por separado e logo comparamos os dous.

Primeiro identificamos un dos modelos, masculino ou feminino, o que hai de similar e de diferente entre os dous debuxos, en que se complementan e se hai contraccións. Logo facemos o mesmo co outro.

Nesta posta en común preguntamos ao alumnado se se identifica cos modelos asignados e os porqués. Hai outros modelos que o seguen? Cales serían? Como se caracterizarían?



Despois, damos paso á análise comparativa entre os modelos de home e muller en *Instagram*. Que similitudes e diferenzas hai? Por que existen? Onde e como vemos eses modelos? Eses modelos son seguidos só polas persoas famosas? Eses modelos son seguidos pola mocidade? Onde? Só nas redes sociais? Que actitudes podemos ver no noso día a día como reflexo deses modelos? Que consecuencias poden traer eses modelos para homes e mulleres? E para aquelas persoas que non se identifican con ningún deses sexos? Pedimos que comparen o debuxo sobre si mesmos e os que construíron nos modelos. E como eses modelos poden afectar a súa autoestima, nos gustos e nas actitudes cotiás.

Neste debate a persoa dinamizadora pode ter preparadas algunhas imaxes de heroes e personaxes de videoxogos femininos e masculinos e establecer conexións cos modelos construídos polo alumnado.

Puntos a ter en conta

- Esta dinámica busca cuestionar os modelos dicotómicos e duais establecidos na nosa sociedade que dividen o mundo en dous: o mundo das mulleres e o dos homes. Polo tanto é fundamental que o profesorado teña en conta a existencia doutras identidades sexuais e de xénero para poder introducir no debate. E como eses modelos tamén as afectan.
- Nesta actividade é importante atender a conexión da opresión de sexo-xénero con outras como a cuestión racial, de clase e orixe.

Actividade 2. Termómetro dos mitos do amor romántico

Introdución

A idea de amor romántico na nosa sociedade segue os mitos do amor romántico, ou como fala Brigitte Vasallo, o amor Disney. Ese amor eterno e único no que as mozas esperan que chegue o rapaz valente para ser conquistadas. A idealización da parella, a imposición da monogamia, da heterossexualidade e da eternidade da paixón leva a actitudes de posesión, celos, control e violencia nas relacións amorosas independentemente da idade.

Trátase dun tipo de amor que se presume, que é eterno (“será para sempre”), é exclusivo (“non poderei amar a ningún máis”), incondicional (“ti por riba de todo”), provoca a simbiose das dúas persoas e debe implicar un alto grao de renuncia (“quérote máis que a min mesma”) e é heterossexual.

As falsas crenzas e idealizacións do amor e das relacións de parella son transmitidas desde que somos pequenas a través dos contos, das películas, das series, dos debuxos animados, dos libros, entre outras, reflicten os roles de xénero tradicionais, transmitindo e perpetuando a ideoloxía machista, mostrando unha realidade desfigurada das relacións de parella. Fainos restar importancia e normalizar unha serie de condutas que levan riscos e que acentúa e invisibiliza as desigualdades e inxustizas entre homes e mulleres.

Segundo o modelo de amor romántico ensínase ás mulleres un rol tradicional no que o amor convértese nun dos obxectivos fundamentais da súa vida. Formar unha parella, casar, ter fillos... supón obxectivos vitais. Así, esperan ansiosas pola chegada do seu “príncipe azul”: é o que a vai salvar, protexer e satisfacer as súas necesidades. O incumprimento deste mandato provo-



ca sentimentos de estar incompleta, levando á esixencias persoais como a renuncia dos propios intereses ou a entrega total por amor.

Sobre eles o modelo de amor é diferente, pois non está no centro da súa vida. El é un ser activo, que conquista, dominante, protexe e é provedor de recursos materiais. Neste modelo a sexualidade está separada da idea de amor, polo tanto, pode e debe ser experimentado.

Así que os corpos, os permisos e roles sociais están intimamente relacionados con esa idea de amor romántico que sitúa os homes nun lugar diferente nas relacións de poder que as mulleres.

As consecuencias máis visíbeis dese tipo de relacións son os altos casos de asasinatos de mulleres a mans das súas parellas e ex-parellas. Números que recolle o Estado como casos de violencia de xénero a partir da lei estatal de 2004 (Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero).

Esta actividade pretende desmitificar esa idea de amor a partir da reflexión colectiva da mocidade e a partir das súas vivencias e crenzas.

Obxectivos:

- Favorecer a reflexión sobre os mitos do amor romántico e a súa relación coa violencia de xénero.
- Desmitificar o amor romántico.
- Establecer pautas sobre relacións de bo trato.



Materiais

Un espazo amplo para que alumnado poida desprazarse sen chocar cos obxectos.

Paso a paso

A dinámica trata de que o alumnado se sitúe ante unha afirmación feita pola dinamizadora ocupando co seu corpo o espazo nun punto do termómetro definido no espazo da aula.

Primeiro dividimos o espazo como se fose un termómetro. Un dos lados da aula é o espazo de quen está 100% de acordo coa afirmación que logo se dirá. No outro lado, deben pórse aquelas persoas que non están de acordo coa afirmación, noutras palabras, quen está o 0% de acordo. Entre un e outro extremo o alumnado tamén pode pórse segundo a porcentaxe que valore, segundo a súa opinión.

A dinámica segue a seguinte orde, co alumnado no centro, a dinamizadora fai unha afirmación e cada alumno ou alumna sitúase segundo a súa percepción. Quedan estáticos, e a persoa dinamizadora pregunta a algunhas e algúns por que escolleron esta posición.

É preferible preguntar primeiro ao alumnado que escolleu os extremos, tanto dun lado como doutro co obxectivo de contrastar posicións.

Despois dalgunhas respostas, o alumnado pode cambiar de posición se cambia de idea.

Para axudar ao debate, o profesor ou profesora pode facer preguntas sobre a súa posición, o por que decidiu estar alí, se pode dar algún exemplo das situacións...

Propostas de afirmacións e as súas reflexións para axudar o e a docente:

1. “O amor pode con todo”

Este mito fainos pensar que o amor é aguantar e seguir coa túa parella independentemente do tipo de trato que exista na relación, el é capaz de arranxar os problemas da relación para que volva o bo trato. Quere dicir que amar é tolerar e perdoar todo ou que calquera tipo de relación paga a pena. Algo similar sería dicir que podemos cambiar “por amor” ou intentar facer cambiar o outro.

2. “Por amor eu faría calquera cousa”

Este mito fai referencia á falta de límites de respecto e dignidade que non convén que se traspase para evitar o maltrato e o sufrimento



de todo tipo. Por amor matarías? Por amor deixarías de saír coas súas amigas? Por amor deixarías de estudar? Cambiarías de cidade? Abandonarías os teus soños?

3. “Os celos son unha demostración de amor. Se está celoso é porque me ama”

Os celos son resultado da idea da posesión que unha persoa ten sobre a outra. Móstrase na presión, no illamento, nas permisións ou que a outra persoa faga ou non determinadas cousas. Os celos fan sufrir porque buscan o control sobre a outra persoa. Causan inseguridade, desconfianza e pouca autoestima. Temen o fin da posesión dunha sobre a outra en detrimento dunha terceira, ou sexa, temen ser abandonadas, deixadas por outra persoas. Cos celos pérdese a idea de que o amor é pensar na felicidade do outro, independentemente de se está contigo ou non.

4. “Todas as persoas temos unha media laranxa nalgún sitio”

Este mito baséase en que somos persoas incompletas, que só encontraremos a felicidade cando encontremos outra persoa que o destino nos porá nun lugar concreto e que encaixará perfectamente con nosoutas. Estamos predestinados e predestinadas a ter unha persoa que nos complete. Unha parella ideal. Somos seres interdependentes, necesitamos vivir en sociedade, pero non somos persoas incompletas e non necesitamos a ninguén que nos complete. Ter parella é unha opción e non un requisito para a felicidade. Encontrar parella non é o obxectivo da vida.

5. “Cando amas a unha persoa, non desexas a máis ninguén”

Este refírese ao mito da exclusividade. Nel o amor é tan só por unha persoa. Non podes sentir desexos nin amor por máis nin-

guén. Isto é falso unha vez que se pode sentir desexos sexuais por outras persoas, ademais de poder amar a outras persoas como a familia, amizades ou outras persoas. Este mito tamén leva á crenza de que só hai un amor verdadeiro na vida, e que este está relacionado coa sexualidade. Ademais induce a pensar que o amor é monógamo e heterosexual.

6. “Nas relacións de amor tamén hai maltrato”

Esta afirmación refírese ao mito da compatibilidade do amor e do maltrato. Considera que amar é compatible con facer dano, agredir a partir de ideas coma que o cariño e o afecto son forzas que en ocasións poden descontrolarse, incluso, que o amor verdadeiro non existe sen o sufrimento. Este tipo de crenzas xustifican o maltrato e a violencia.

7. “O amor verdadeiro perdoo e aguanta todo”

Esta afirmación dá pé a xustificar o maltrato e a falla de respecto na relación sen cuestionar que se utilizan argumentos baseados na chantaxe para manipular a vontade da parella impondo, sen consideracións, os criterios propios. Un exemplo: “se non me perdoas, é porque non me amas”. Esta afirmación tamén fai referencia a que amar é sinónimo de sufrir, polo tanto, se non sofres por amor, non amas. Así tamén, xustifícase a existencia de relacións violentas non só físicas, senón tamén psicolóxicas.

8. “Se me queres, tes que contarmo todo”

Esta afirmación busca confundir a honestidade coa falta de privacidade e intimidade. Aínda que sexades parella, non hai por que contarse todo. Faise alusión a outra falacia da entrega total, da fusión completa entre dúas persoas, creando unha dependencia da outra persoa e adaptación a ela, esquecéndose de que cada persoa ten unha vida propia.

9. “Se lle quero debo deitarme con el/ela cando mo pida”

Aínda que esta afirmación nos pareza obvia para os días de hoxe, vale lembrar que a maioría das violacións ocorren nas parellas.

Outras non ocorren porque os motivos dos consentimentos están relacionados co mito da obrigación sexual nas relacións de parellas. Ademais, únese a este mito o medo a perder o amor e a exclusividade na relación, por non ceder a chantaxes sexuais. O feito de que ames non debe presupor que teñas que facer o que sexa para compracer a túa parella, sexa para ter sexo, ou para facer certas prácticas sexuais que non queres ou para dar as teus contrasinais, deixar ver as túas mensaxes, ou calquera outra petición. É totalmente necesario que respecte as túas decisións persoais.

10. “Hoxe en día homes e mulleres aman igual”

Esa é unha afirmación “trampa”. O amor é un sentimento e cada un ten o seu, non dependen do sexo asignado, nin do tempo. As formas de expresar o amor poden variar e son aprendidas socialmente, pero tamén dependen de cada persoa e dos seus gustos e preferencias. Como queremos expresar o noso amor?

Puntos a ter en conta

- As afirmacións anteriores son propostas, podedes adaptalas á realidade do alumnado e do contexto escolar. Pódense facer máis afirmacións ou menos, o importante é que o xogo sexa dinámico, estimulante, que xere debate entre o alumnado.
- Para estimular o debate axuda preguntar a aquelas persoas que se sitúan nos extremos, así como dar a palabra a quen fala pouco. Ante unha afirmación ou pregunta dunha alumna ou alumno, convén devolver a pregunta ao grupo antes de contestar a ou o docente. Ante afirmacións e xustificacións que expresen o machismo por parte dalgún alumnado, preguntar ao resto se está de acordo, e só despois facer calquera afirmación.
- O papel do ou da docente é facilitar o debate e a reflexión do alumnado sobre os temas propostos. Para iso, canto máis preguntas fagas, mellor. Pero pode ser importante reforzar algunhas ideas e pór en dúbida outras que van a favor da reprodución das desigualdades, inxustizas e violencias.

Actividade 3. Diamante do bo trato

Introdución


Anteriormente vimos como o modelo de amor romántico e de maltrato está amplamente difundida por diferentes medios de comunicación, na literatura, nas películas... Tamén existen unha serie de campañas nos medios de comunicación que nos axudan a pensar que as agresións físicas, o control, os celos, a submisión a dependencia son accións que revelan situación onde poden chegar a existir malos tratos e violencia de xénero.

Pero case nunca pensamos en como construír relacións de bo trato. Por onde comezamos? Que é fundamental?

Habitualmente escoitamos falar dunha receita máxica de relación que debe conter: liberdade, igualdade, respecto e confianza. Pero que significan estas palabras? Como elas se concretan en accións e actos? Onde empeza a liberdade dunha persoa e remata a da outra? Como establecer unha relación de confianza? Como confiar se vai a unha festa ou se estivo con outra persoa cando aínda tiña unha relación? Como ser iguais nunha relación se a nosa sociedade nos coloca en posicións sociais desiguais, derivadas da nosa identidade sexual e de xénero adxudicadas? Como non confundir respecto con obediencia e submisión?

Estas son preguntas que pouco facemos cando empezamos unha relación amorosa. Utilizamos estas palabras como se elas tivesen o mesmo significado para todas as persoas e se traducisen en actitudes similares en diferentes persoas. Pero non é así, polo tanto falar sobre elas pódenos dar claves para comezar a construír relacións de bo trato sen caer en modelos estandarizados nin en pseudo relación igualitarias.

Ademais de traballar conceptos fundamentais para as relacións de bo trato, desenvolvemos habilidades de comunicación e negociación que son fundamentais para construír outras formas de relacionarmos. Ao intentar definir conceptos matizamos pareceres e formas de actuar que poden ser diferentes das e dos demais. Percibir esas diferenzas e as lóxicas que levan as persoas a pensar dunha determinada maneira é un paso importante para abrir negociacións, entender o outro e contrapor ideas.



Obxectivos:

- Favorecer a reflexión sobre conceptos claves para o bo trato nas relacións.
- Concretar sobre conceptos abstractos.
- Facilitar a reflexión sobre matices e elementos importantes para establecer relacións do bo trato.
- Favorecer cambios de actitudes nas relacións entre iguais.

Materiais

Kit por grupo: 4 tarxetas. Cada tarxeta debe conter unha palabra (confianza, igualdade, liberdade, respecto). 1 folla de A3 na que se poida pegar as tarxetas.

Paso a paso

Dividimos a aula en grupos de 5 persoas. Para cada grupo dámos o Kit de materiais (4 tarxeta/palabra –cada unha delas deberá conter unha palabra– e a folla A3). Explicamos que o obxectivo do grupo é pór as palabras por orde de importancia para alcanzar unha relación de bo trato e sen violencia. Deben facer isto de acordo co debuxo en forma de diamante na folla A3. A orde indicada é: 1º a palabra máis importante; debaixo, as dúas palabras máis importantes, unha paralela a outra; e por último a menos importante. O grupo debe debater e chegar a un consenso sobre a orde escollida.

Déixase que cada grupo traballe, sen interrupcións, simplemente esclarecendo dúbidas.

En seguida, faise a posta en común. Cada grupo debe presentar ao conxunto da aula a orde escollida e as razóns polas cales chegaron a ese resultado.

Despois de cada grupo, pódese preguntar se alguén ten algunha pregunta ou comentario para o grupo.

Ao final, pódense facer esclarecementos e comentarios xerais sobre o conxunto das análises e sobre algúns conceptos, significados e frases contendo as palabras, coa intención de ampliar aínda máis a análise.

Puntos a ter en conta

- O fundamental desa actividade non é tanto chegar a unha resposta única sobre que concepto é o máis importante para ter unha relación de bo trato, senón debater sobre o significado de cada concepto, que significa cada un deles para cada participante e como se concretan nas accións das nosas relacións. Todos os conceptos son fundamentais para unha relación de bo trato, pero eles son relativos, poden ter matices para cada persoa. Polo tanto, faise importante que estes conceptos sexan debatidos, postos en común entre as persoas que se están coñecendo para construír relacións de bo trato entre as persoas.
- Para axudar na reflexión final podemos facer as seguintes preguntas: Ata onde chega a miña liberdade e comeza a da ou do outro? Eu teño a liberdade de facer todo o que quero coa outra persoa? Onde acaba a miña e empeza a da outra persoa? É a liberdade a nosa intimidade? A igualdade é o mesmo que xustiza? Hai igualdade cando unha persoa che bate e ti devolves o golpe? Iso é unha relación de bo trato? Hai respecto cando falo da intimidade da miña compañeira cos meus colegas? É unha demostración de confianza dar os meus contrasinais á miña moza ou mozo? É confianza DEIXAR/PERMITIR que a miña moza ou mozo saia coas súas amigas ou amigos? (deixar/ permitir é unha palabra tamén interesante para traballar a liberdade e idea de posesión sobre a outra persoa).
- Esta actividade convén que se faga despois doutra na que o alumnado reflexione sobre as formas e expresións da violencia de xénero, especialmente na parella.

Exemplo gráfico:

RESPECTO
LIBERDADE
IGUALDADE
CONFIANZA

Exemplos de frases nas que se empregan as palabras traballadas na dinámica:

Liberdade para min é non ter .

NINA SIMONE

Querer ser libre é tamén querer libres os outros.

SIMONE DE BOUVOIR

Calquera que sexa a liberdade pola que loitamos, debe ser sempre baseada na igualdade.

JUDITH BUTLER

Mentres haxa unha muller sometida, nunca serei unha muller libre.

AUDRE LORDE

A igualdade das mulleres debe ser un compoñente central en calquera intento para resolver os problemas sociais, económicos e políticos.

KOFI ANNAN

O amor non pode ser incondicional: se non hai respecto e bo trato, por exemplo, non hai condicións para o amor.

CORAL HERRERA

A maioría das boas relacións baséanse na confianza e no respecto mutuo.

MONA SUTPHEN

Respecto: é o recoñecemento do dereito alleo, é o recoñecemento, consideración, atención ou diferenza que se debe ás outras persoas. Unha persoa respectuosa acepta e comprende as formas de pensar e actuar das demais persoas, aínda que sexan diferentes ás súas, tamén trata con coidado todo aquilo que o rodea.

Segundo a RAG, respecto é:

- 1ª Actitude ou sentimento que fai que sexa tratada con consideración unha persoa ou cousa. “Xa non hai respecto polos maiores!” “As imaxes sagradas merecen respecto.” “Sempre tivei moito respecto polas ideas dos seus adversarios.”.
- 2ª Feito ou circunstancia de obedecer unha norma, regra, lei... “O respecto do código é necesario para evitar o caos da circulación.”
SINÓNIMOS cumprimento, obediencia, observación.
- 3ª Sentimento de inquietude que se experimenta ante algo perigoso. “Tenlle moito respecto a saltar en paracaídas.”

(<https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/respecto>)

Actividade 4. O que contan as músicas

Introdución

Por que utilizar a música na educación contra as violencias de xénero? Unha das respostas é que a música é un dos vehículos de comunicación coa que habitualmente estamos en contacto, especialmente a mocidade. Ela marca ás novas xeracións non só polo seu estilo, senón tamén polo que din ou sexa, as súas mensaxes.

Conectar coa música que escoita a mocidade é unha forma de acercarse ao seu mundo, aos seus gustos, valores e ideas. Traballar coa prevención da violencia de xénero a través da súa música é unha estratexia que motiva e estimula o alumnado a reflexionar sobre a realidade social e sobre os seus problemas. As cancións interactúan directamente cos problemas da sociedade: describen, critican e reproducen. Sempre hai unha mensaxe por detrás. Que falan as músicas que bailamos nas discotecas? Que escoitamos na radio? Que escoitamos soas na nosa habitación ou en compañía? Que mensaxes están transmitindo? Cales son os efectos desas mensaxes sobre a nosa sociedade? Sobre nós mesmas?

A industria da música ampliouse e coa popularización da Internet a súa mensaxe chega a un número moi grande de persoas, sendo transmitida tanto polas letras das cancións, como polos vídeos que mostran imaxes potentes. Súmase a isto a personalidade e capacidade de influencia que este artista ten nas redes sociais. O seu comportamento, o que fan, como viven, o que pensan, como e que tipos de relacións ten, son informacións que son relevantes para os modelos de persoas e de formas de vida. Estes comportamentos son difundidos polos medios de comunicación. Así a música é un potente axente socializador coa que as actuais xeracións tamén poden aprender valores e actitudes.

Por todo isto, a música é un excelente recurso para traballar as diferentes formas de violencia de xénero. Sendo importante atender a todos os detalles desde a letra, pasando polas imaxes asociadas ata o papel e o rol do ou da artista.

Na análise das letras atenderemos os roles de xénero que emprega o suxeito emisor da mensaxe e a quen vai dirixida. Habitualmente as letras seguen a norma heterosexual de home-muller.



Ademais dese punto, é fundamental identificar o rol que xoga cada personaxe, se mantén os modelos normativos e tradicionais do que é ser muller e home, así como as características que elas destacan deses roles. Esa mensaxe xeralmente é complementada por imaxes, as que debemos pór algo de atención sobre os comportamentos e as lóxicas empregadas para emitir a mensaxe.

As cancións de contido machista seguen tendo bastante éxito no mercado da música, aínda que o movemento de mulleres artistas estean aumentando o seu número de seguidoras e seguidores. Este mercado continúa a ser masculinizado e bastante machista, mesmo co maior número de mulleres como líderes musicais ou tocando instrumentos tan masculinizados como a batería. Tamén hai que atender o feito de que homes e mulleres poden reproducir os valores machistas nas súas letras e vídeos. A presenza de mulleres en espazos masculinizados non significa que esteamos a vivir nunha sociedade igualitaria, así como o feito que identifiquemos unha persoa como muller e que ela se identifique como tal, que ela non teña comportamentos e pensamentos machistas.

Estes son detalles a ter en conta unha vez que as oportunidades, os privilexios e as consecuencias das violencias machistas atinxen de forma diferente a determinados colectivos sociais, como as mulleres, que a outros, como os homes. Ante isto vale reflexionar sobre as mensaxes que as músicas están reproducindo e como contribúen na manutención das estruturas de poder.

Obxectivos

- Favorecer a reflexión crítica de cancións actuais escollidas polo alumnado desde unha perspectiva de xénero.
- Sensibilizar o alumnado sobre diferentes formas de violencia de xénero.
- Facilitar ferramentas de identificación de diferentes formas de violencia de xénero

Materiais

Internet, móbil, anacos de papel, bolígrafos, folla de preguntas.

Paso a paso

Dividimos a aula en grupos de 4-5 alumnas e alumnos. Cada grupo debe escoller unha canción actual, pode ser en calquera lingua.

Escriben os nomes nun anaco de papel e pásano para outro grupo. Así cada grupo analizará unha canción escollida por outro grupo. Para facer a análise, o grupo pode buscar a letra en Internet e ver o videoclip.

Para axudar na análise a dinamizadora poderá entregar unha folla coas cuestións abaixo propostas.

Para cada pregunta.

1. Nome da canción
2. Quen canta?
3. Cal é a súa imaxe social e política?
4. Por que cres que esta canción é coñecida?
5. Que cres que quere transmitir a canción? Cal é a mensaxe que nos quere dar a canción?
6. A quen vai dirixida a canción? Por que?
7. Na letra da canción hai palabras denigrantes, machistas, sexistas, homófobas? Cales? Por que utilizan estas palabras?
8. Destaque palabras, frases ou partes da canción que se identifiquen como machista, sexista, homófoba ou denigrantes. Expliquen por que.
9. Sobre o videoclip da canción, Que mensaxe quere transmitir?
10. Quen son os personaxes? (por sexo e xénero)
11. Como van vestidos?

12. Que fan? Que papel cumpren no videoclip? Cal é a súa función?
13. Destaque e describa aquelas escenas nas que valores como sexistas, machistas, homófobas. E por que.
14. Cres que o videoclip complementa a mensaxe da letra da canción? Como e por que?
15. Credes que esas cancións inflúen na perpetuación do machismo? Por que?

Despois da análise nos pequenos grupos, cada un expón a súa análise.

A exposición poderá ser a partir de cada pregunta ou a análise completa feita polo grupo.

Para unha análise mais minuciosa, cómpre facela por pregunta. Así a ou o docente poderá apuntar no encerado as palabras-chave destacadas da análise do alumnado e analizar as cancións escollidas en conxunto.

Puntos a ter en conta

- Esta mesma actividade pode ser desenvolvida con cancións previamente escollidas polo profesorado. No anexo hai algunhas propostas.
- O debate final sobre os efectos que a música ten sobre o imaxinario social sobre as relacións de sexo-xénero son fundamentais para entender que a linguaxe é unha das formas de reprodución da opresión sobre as mulleres, influenciando as actitudes e comportamentos cotiás de homes e mulleres.
- Tendo en conta que a maioría das cancións falan de relacións amorosas, é fundamental que o profesorado estea atento ás mensaxes subliminares contidas na canción e non só ás violencias que tamén exercen a función de someter o colectivo de mulleres ao dos homes. Son ideas como a domesticación, muller para a casa e para o amor; a muller como suxeito pasivo, que non toma decisións; todos os mitos do amor romántico, ademais das ideas de heterosexualidade como norma nas relacións amorosas.
- Esa dinámica pódese facer en 1 ou 2 sesións.

Actividade 5. Se hai violencia, non canto

Introdución

Esta actividade pode ser unha continuación da actividade anteriormente descrita, ou non. Ela é un exercicio un pouco máis avanzado, que busca dar continuidade ao debate sobre as violencias de xénero e estereotipos. Para que se desenvolva de maneira satisfactoria é importante que o grupo traballe con anterioridade conceptos básicos das violencias de xénero.

Nesta actividade ponse o foco de atención no desenvolvemento de conceptos e valores por medio da creatividade da mocidade na elaboración de alternativas aos valores e linguaxe sexista e patriarcais.

Obxectivos

- Favorecer a construción de alternativas ás mensaxes machistas, dando a volta a valores e actitudes.
- Identificar sexismo e machismo por medio das letras das cancións.
- Sensibilizar o alumnado sobre diferentes formas de violencia de xénero.

Materiais

Internet, móbil, anacos de papel, bolígrafos.

Paso a paso

Dividimos a aula en pequenos grupos, poden ser parellas sendo o número máximo de compoñentes 6 persoas. Pídese que cada grupo cree unha parodia ou unha letra de música que non sexa machista, de forma que emita valores, relacións, actitudes e situacións de bo trato.



De forma optativa, pero moi interesante, é que o grupo tamén buscará unha forma de presentar esta letra, unha coreografía, un videoclip/teatralización que poida complementar a mensaxe da canción. Neste caso pódese utilizar complementos, traballar sobre un escenario... Non é importante a utilización dunha grande cantidade de obxectos ou roupas. O que é importante son os detalles fundamentais para transmitir a mensaxe que desexan, así como fan nos videoclips: unha mirada, a saia curta, os homes ocupando o espazo...

Despois, cada grupo preséntase e ao final facemos unha posta en común sobre as dificultades de encontrar motivación, palabras adecuadas ou situación. Preguntarémonos, por que ese tipo de letras non son populares na nosa sociedade. Non hai unha resposta única, pero hai moitos elementos que ter en conta. Así que o importante aquí é reflexionar sobre a música que escoitamos, por que consumimos os seus produtos que tanto fomentan a violencia e as desigualdades. Cales son as alternativas?

Estas son cuestións que pouco a pouco poden ser introducidas no debate.

Actividade 6. As violencias nas redes sociais

Introdución


Esta introdución contribúe para a realización das dúas actividades que seguen.

Internet, as redes sociais e as aplicacións móbiles ocupan cada vez máis a nosa realidade. Nelas tamén atopamos numerosas formas de violencia. Ciberacoso, o *ciberbullying*, extorsión, *grooming*, usurpación da identidade, de claves, *sexting* *revenger* porno ou porno-vergoña, son algúns dos ciberdelitos nos que as mulleres son as vítimas máis frecuentes. Todas esas violencias son o reflexo das exercidas na vida *offline*. Esta é a razón pola cal a prevención debe articular as causas e formas de expresión das violencias machistas coa Internet e as redes sociais como instrumento de amplificación das mesmas.

Cando falamos de ciberacoso, referímonos a unha conduta que se dirixe de forma reiterada cara alguén, que se realiza para facela sentir mal, o que se converte en frecuente pola cantidade de persoas que se unen á repetición do acoso.

O ciberacoso de carácter sexista fai referencia a que o insulto ou o contido do acoso nas redes utiliza como pretexto, por exemplo, unha característica persoal dunha rapaza que non entra dentro dos comportamentos que se considera adecuados para elas, ou ben se dirixe sobre o seu corpo por non entrar no estereotipo de beleza feminina, o que inclúe rumores sexistas, como a violencia derivada dos celos ou rupturas de relacións, sobre as relacións sexuais que se establecen. O envío de insultos como #puta; #porca #guarra difundindo esaxeracións e mentiras, ten compoñente moi violentos. Estes insultos están relacionados cos valores e normas sociais machistas que perduran na nosa sociedade.

Nos últimos anos estas realidades chegaron aos centros educativos dunha maneira significativa. A mocidade é tan autora como vítima deses tipos de delitos. A mocidade pode utilizar as redes sociais e as aplicacións móbiles para comezar rumores sobre compañeiras e insultalas dunha forma pública. Cando esta conduta se converte en algo recorrente por parte dalgún compañeiro ou compañeira ou por un grupo, falamos de acoso.



Un dos elementos importantes que son parte destes tipos de delitos é a humillación pública, tendo consecuencias moi graves para quen é a súa diana.

A prevención polo tanto, pasa por identificar esas mensaxes machistas, misóxinas, homófobas que están habitualmente nas redes sociais coñecidas polos adolescentes. As mulleres, colectivo LGBTIQ, as persoas racializadas ou inmigrantes do sur global son habitualmente as vítimas deses delitos.

Para sensibilizar sobre as opresións de xénero e actuar contra as violencias é importante identificar as razóns polas cales estas son as vítimas habituais do ciberacoso e atender as consecuencias para estes colectivos, como por exemplo a perpetuación de estereotipos, a exclusión social, menores oportunidades de traballo e aumento do odio e da violencia cara estas persoas identificadas como pertencentes a estes colectivos. Da mesma forma, prestaremos atención ás consecuencias máis individuais que poden ter estas persoas na súa vida cotiá como o illamento, a depresión, baixa-estima, entre outras.

Logo, sobre o efecto do insulto en si, súmase-lle a compoñente da humillación e que se insulte nun espazo público, diante doutras persoas, que outras persoas estean participando, que o

conxunto de quen son testemuñas do acoso non o corten ou reaccionen en contra del.

Neste proceso de violencia o que diferencia o ciberacoso do acoso tradicional é o feito de que as redes sociais poidan facilitar a repetición do mesmo insulto, humillación ou formas violentas coa participación de moitas persoas con un simplemente “compartir a mensaxe”, moitas veces, agochados en anonimatos.

Por todo isto é importante pór o foco de atención non só sobre a responsabilidade de quen crea a mensaxe humillante, senón tamén de quen a difunde. O ciberacoso é unha forma de violencia que pode integrar tanto o *offline* como o online, e non remata co apagar a pantalla, hai que actuar.

Materialis

3 cores de pos-its, bolígrafos, unha caixa/bolsa.

Obxectivos

- Evidenciar e reflexionar sobre os discursos que o alumnado identifica como sexistas e violentos nas redes sociais.
- Identificar discursos sexistas nas redes sociais.
- Reflexionar sobre as responsabilidades e as súas consecuencias.

Paso a paso

Para iso pediremos que escriban de forma anónima en cada pos-its frases, comentarios que escoitaran nas redes sociais que o alumnado identifica como sexistas, machistas, violentos cara 3 colectivos, identificando o tipo de rede social: 1- mulleres, 2- homes e 3- colectivo LGBTIQ. Cada colectivo terá unha cor asignada. Recóllense os pos-its na caixa/ bolsa.

En seguida leranse as mensaxes, reflexionando sobre elas, identificando similitudes, relacionándoas entre si: Que coincidencias hai nestas mensaxes? Repítense algunhas crenzas sexistas nelas? Cales? Que provocan eses insultos? Cales son as súas consecuencias? Como se senten mozas – mozos – LGBTIQ ao ler esas mensaxes?



Como imaxinan que se senten? Que efectos pode haber na vida das persoas?

Que podemos facer para que estes insultos tan frecuentes deixen de existir?

Puntos a ter en conta

- É importante que o grupo se dese conta das crenzas sexistas que nos ensinan e dos efectos que poden ter cando recibimos un insulto coma este de forma frecuente. Para iso podedes preguntar con que frecuencia ven iso nas redes sociais. Se é algo común ou esporádico.
- Tamén é importante debater co alumnado por que cre que ese tipo de insultos ocorren? Cales son as razóns?
- Para pechar a sesión é importante que o alumnado reflexione sobre posíbeis respostas individuais e colectivas de apoio a quen vive o acoso.

Actividade 7. Nesta situación, que fago?

Introdución

Esta actividade segue as mesmas pautas expostas na introdución da actividade 5.

Materiais

Copias dos casos a seren traballados nos grupos.

Obxectivos:

- Sensibilizar sobre formas actuais de expresión das violencias de xénero
- Promover cambios de actitudes no alumnado cara as violencias de xénero
- Favorecer a reflexión crítica sobre situacións de violencia de xénero

Paso a paso

A ou o docente empeza introducindo o tema preguntando ao grupo se sabe o que é ciberacoso. Pode preguntar como choiva de ideas o que é ciberacoso: A que se pode referir? Que tipo de actos poden ser ciberacoso? A quen habitualmente vai dirixido o ciberacoso? Xa escoitaran falar de ciberacoso dentro dos centros educativos? Alguén coñece algún caso de preto?...

A dinamizadora pode apuntar ideas claves para que o alumnado poida reflexionar sobre o falado esclarecendo conceptos e definicións.

Logo o ou a docente fai unha pequena explicación do que é o ciberacoso.

Despois, divide o alumnado en grupos. A cada un dos grupos entrégalle unha situación de ciberacoso na que ten que identificar:

1. Quen ten a responsabilidade do que pasou?
2. Que pasa cando recibimos mensaxes con ese contido?
3. Cal(es) son/é a(s) consecuencias para a vítima? Que sentimentos ten a vítima?
4. Definir estratexias para actuar contra o acoso.

Despois de algúns minutos de debate nos grupos, póñense en común as respostas de cada grupo.

Caso 1: Estás na biblioteca estudando e recibes dun coñecido unha foto polo *whatsapp*: “esta



é a túa amiga Ana”. Ti abres a foto e ves a túa amiga espida. De pronto dáste conta que máis colegas reciben a mesma mensaxe porque escoitas rirse e recibes a mesma mensaxe por colegas diferentes coa mensaxe #guarra #puta #porca. Que farías?

Caso 2: Un compañeiro de clase creou unha conta falsa nas redes sociais e empezou a relacionarse coa súa compañeira de clase en liña. Aínda que non se coñeceran, ela compartiu con el algunhas informacións persoais sobre ela e a súa familia. O compañeiro que creou a conta falsa, partillou esa información persoal con outros mozos que comezaron a acosala polas redes sociais e adifundir o contido nas redes.

Caso 3: Estás de festa, e soa aquela música de “subidón” Todos se animan e varios rapaces deciden espirse e unha das rapazas tamén se anima. Ao día seguinte rula por *whatsapp* un vídeo onde se ve a rapaza espíndose. Agora mesmo todo o mundo ten o vídeo nas mans.

Caso 4: Claudia e Paulo foron noivos por 5 anos, por infidelidade de ambos a relación rematou. El seguía insistindo en que volvera a estar xuntos, pero ela non quería. Despois de 5 meses ela empezou a saír con outra persoa. Cando Paulo o soubo, subiu ás redes unhas fotos de Claudia espida de cando eran noivos. Que farías se foras amigo de Paulo?

Puntos a ter en conta

- É importante identificar que esta violencia é espello das violencias que ocorren fóra dos espazos cibernéticos. É unha das formas de expresión do machismo, sexismo e do sistema de opresión que recae sobre as mulleres

dunha forma diferente de como recae sobre os homes.

- É fundamental identificar que eses tipos de acosos buscan culpabilizar as mulleres da súa sexualidade, facendo necesario empatizar co que elas poden sufrir e da inxustiza que isto significa.
- Tamén é fundamental deixar claro que a responsabilidade sempre é de quen difunde tales contidos sen o seu consentimento.
- O traballo de pensar estratexias de actuación debe relacionar a responsabilidade persoal

coa colectiva. Pensando en facer algo para cortar a difusión e apoiar a quen está a vivir este tipo de acoso.

- Se xa houbo este tipo de situación coñecida no centro, nunca personalizar, nin falar dos detalles, nin alimentar o rumor sobre ningunha alumna. Recordar que sempre poden pedir axuda, debendo identificar espazos no centro onde poidan acudir.

Glosario

Feminismos: movemento teórico, social e político que busca, desde diferentes formas, rachar coas desigualdades e inxustizas relacionadas co sistema sexo-xénero. Noutras palabras, busca a igualdade entre as persoas, o que supón unha toma de conciencia colectiva e a súa mobilización para transformar a sociedade.

Sexo: Habitualmente fai alusión á herdanza xenética que forman as persoas con certas anatomías e aspectos, unha vez máis dividíndonos en dúas opcións, home e muller. Na actualidade, esta perspectiva sobre o sexo está sendo rebatida, xa que non é posible afirmar que o sexo exista separado da cultura. Ademais, hai constancias de que hai diferentes culturas na que non existen só dous sexos.

Xénero: Termo utilizado para delimitar o que entendemos por masculino e feminino. É a construción cultural que fai unha sociedade nun momento histórico e cultural determinado a partir das diferenzas coñecidas como sexo, que no noso caso se dividen en dous.

Identidade de xénero: Fai referencia á identificación co sexo asignado no nacemento e que confronta co que se espera socialmente, tipicamente dentro de dúas opcións: muller e home. Se a persoa non se identifica co sexo asignado, será “trans” e se se identifica co sexo asignado, esta persoa será “cis”.

Transexual: É un termo de orixe médica que diagnosticaba un comportamento de xénero atípico. Hoxe úsase para referirse ás persoas que se desmarcan do xénero que se lles asignou ao nacer. Son persoas que cruzan as fronteiras que son construídas pola súa cultura para definir os patróns que son propios para os homes ou para mulleres. Como identidade, engloba unha heteroxeneidade de experiencias de persoas transexuais, transxéneros, e outros termos que sinalan a transgresión das normas de xénero binarias.

Estereotipos de xénero: Son aqueles que crean expectativas sociais, actitudes, roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.

Roles de xénero: Sons construcións culturais da nosa sociedade que esperan das persoas certos comportamentos. Asignan aos homes a masculinidade e as mulleres a feminidade, para o caso das sociedades occidentais. Non todas as culturas perciben os mesmos roles de xénero, nin son necesariamente fixos, nin están ligados á lóxica binaria (muller/home).

Heterosexismo: Consiste en asumir a heterosexualidade como a orientación social maioritaria e normalizada. É o motor da transfobia e da homofobia desde as que se considera que o castigo á transgresión dos roles de xénero tradicionais forma parte inherente da aprendizaxe social.

Anexos

Músicas

1. música popular coñecida


Don Federico matou a súa muller, picouna e botouna á tixola. Don Federico perdeu a súa carteira para casar cunha costureira, a costureira perdeu o seu abanico para casar con Don Federico. Don Federico díxolle que non e a constureira desmaiose, Don Federico díxolle que si e la bela dama púxose feliz.

Esta canción popular utilizábase as nenas para saltar á corda, á goma ou para dar palmas e inocentemente saltaban ou xogaban sen prestar atención a aquilo que cantaban. Seguramente se na súa escola tiveran a oportunidade de analizarla e reflexionar sobre ela, poderían entender o seu significado e ser críticas con el, xa que cunha crudeza e indiferencia brutais, na canción relátase un acto de violencia de xénero. Federico era un maltratador e a xente que pasaba era cómplice dese acto co seu silencio.

2. No soy una de esas (Alejandro Sanz e Jesse & Joy)

Video: <https://youtu.be/DrAXmzuGgek>

Sin prisa y con media sonrisa llegaste agitado a aquél bar
Cruzamos miradas y como si nada empezaste a cantar
Tus ojos sobre mi boca
Mis ojos en otra cosa
Tus manos sobre esa guitarra me llevaron a imaginar
Todo lo que una dama no debe contar
La música fluye, tus ojos me huyen, te quiero amarrar
Caminas al filo de mi precipicio fingiendo saltar
Mis ganas son una roca
Las cosas que no se tocan
Seducen al gato explorar los tejados de tu suspirar
Me deslizo en tus problemas, ni cuenta te das
¡Ay!, ¡ay!, mejor doy un paso atrás
Si te quitas los tacones corres mucho más
¡Ay!, ¡ay!, aunque me interesa no soy una de esas
Que tan fácilmente se deja enredar
Mi nombre se acuesta en tus labios te arranca un suspiro de sal
Y no deberías haberme tentado, te gusta jugar
No confundas la dulzura con la temperatura
Pero que yo nunca te imaginé mi estrellita ¡ay! Así en este plan
Pero yo a ti te conozco y sé por dónde vas
Si no quieres flamenquito, no toques las palmas
¡Ay!, ¡ay!, mejor doy un paso atrás
A lo mejor es muy tarde para echarte atrás



¡Ay!, ¡ay!, aunque me interesa no soy una de esas
Que tan fácilmente se deja enredar
Tampoco soy tan facilito, tan facilito
Tampoco soy tan facilito, tampoco soy tan facilito
Oh, oh, oh
Un pasito de lado, un pasito pa' tras que doy
Oh, oh, oh, oh
Si te quitas los tacones corres mucho más
Corres mucho más
¡Ay!, ¡ay!, mejor doy un paso atrás
Si te pintas tú los labios corres mucho más
¡Ay!, ¡ay!, aunque me interesa no soy una de esas
Que tan fácilmente se deja enredar
Donde he oído yo esto antes
Tú te acercas y yo doy un paso atrás
Yo doy un pasito adelante los miedos corren mucho más
Si te quitas los zapatos corres mucho más
Te doy cuerda y aunque me interesa no soy una de esas
Cuerda dale al muñequito a mi dame compás
Que tan fácilmente se deja enredar
Dame compás
Y no deberías haberme tentado, te gusta jugar
Si no quieres flamenquito, no toques las palmas
A lo mejor es muy tarde para echarte atrás

3. Si me porto mal (Dasoul)

Vídeo: <https://youtu.be/rv3wno0M7Ng>

Dicen que tengo mala fama
Que me perturba una adicción
Buscando cómplices miradas
Hoy juego con doble intención
Y en la oscuridad
Quiere saber si lo que dicen es verdad
Y me pide más, aún sabiendo que la puedo lastimar
No es culpa mía si me porto mal

Baby, dime cual es tu plan
No es culpa mía si me porto mal
Que es lo que buscas, si te me acercas ma
No es culpa mía si me porto mal
Como me mira, como me hace dudar

No es culpa mía si me porto mal
Si me sigue provocando
No es culpa mía si me porto mal
No es culpa mía si me porto mal!!

Ella, se quiere asegurar que todo sean rumores
Y me tienta, rosándome los labios con esos sabores
Vamos lento, que esto me esta matando
Quieres fuego en el juego, que es lo que estas tramando!

Baby, dime cual es tu plan
No es culpa mía si me porto mal
Que es lo que buscas, si te me acercas ma
No es culpa mía si me porto mal
Como me mira, como me hace dudar
No es culpa mía si me porto mal
Si me sigue provocando
No es culpa mía si me porto mal

Baby, dime cual es tu plan
No es culpa mía si me porto mal
Que es lo que buscas, si te me acercas ma
No es culpa mía si me porto mal
Como me mira, como me hace dudar
No es culpa mía si me porto mal
Si me sigue provocando
No es culpa mía si me porto mal

Y en la oscuridad
Quiere saber si lo que dicen es verdad
Y me pide más, aún sabiendo que la puedo lastimar
No es culpa mía si me porto mal

Baby, dime cual es tu plan
No es culpa mía si me porto mal
Que es lo que buscas, si te me acercas ma
No es culpa mía si me porto mal
Como me mira, como me hace dudar
No es culpa mía si me porto mal
Si me sigue provocando
No es culpa mía si me porto mal

4. Every Breath You Take (The Police)

Vídeo: <https://youtu.be/OMOGaugKpzs>

Every breath you take
Every move you make
Every bond you break
Every step you take
I'll be watching you
Every single day
Every word you say
Every game you play
Every night you stay
I'll be watching you
Oh can't you see
You belong to me
My poor heart aches
With every step you take
Every move you make
Every vow you break
Every smile you fake
Every claim you stake
I'll be watching you
Since you've gone I been lost without a trace
I dream at night I can only see your face
I look around but it's you I can't replace
I feel so cold and I long for your embrace
I keep crying baby, baby, please
Oh can't you see

You belong to me
My poor heart aches
With every step you take
Every move you make
Every vow you break
Every smile you fake
Every claim you stake
I'll be watching you
Every...

*Cada alento que tomes,
cada movemento que fagas,
cada atadura que rompas, cada paso que deas,
Estareite vixiando.
Todos e cada un dos días,
e cada palabra que digas,
cada xogo que xogues, cada noitee que quedas, estareite
vixiando.*

*Oh, ¿non podes ver
que me pertences?
como lle doe ao meu pobre corazón
con cada paso que das.*

*Cada movemento que fagas,
e cada promesa que rompas,
cada sorriso que fagas, cada parte que reclames, estareite
vixiando.*

*Desde que marchaches, estou perdido sen un rastro, soño
pola noite e só vexo o teu rostro, busco arredor, pero es ti
lo que non podo reemplazar, síntome tan frío e anhelos o
teu abrazo.*

*Sigo chorando nena, nena, por favor.
Oh, ¿non podes ver
que me pertences?
como doe o meu pobre corazón
con cada paso que das.*

*Cada movemeento que fagas,
cada promesa que rompas
cada sorriso que finxas, cada parte que reclames, estareite
vixiando.
Cada movemeento que fagas, cada paso que deas, estareite
vixiando....*

5. Maroon 5 (Animals)

Vale a pena ver o vídeo:

<https://youtu.be/qpgTC9MDx1o>

Baby, I'm preying on you tonight
Hunt you down, eat you alive
Just like animals, animals, like animals-mals
Maybe you think that you can hide
I can smell your scent from miles
Just like animals, animals, like animals-mals
Baby, I'm

So what you trying to do to me
It's like we can't stop,
we're enemies
But we get along when I'm inside you
You're like a drug that's killing me

I cut you out entirely
But I get so high when I'm inside you

Yeah, you can start over
You can run free
You can find another fish in the sea
You can pretend it's meant to be
But you can't stay away from me
I can still hear you making that sound
Taking me down, rolling on the ground
You can pretend that it was me, but no, oh

Yeah, yeah, yeah
No girl don't lie, lie, lie, lie (no girl don't lie)
You can't deny, ny, ny, ny (you can't deny)
The beast inside, side, side, side
Yeah, yeah, yeah

*Nena, voume aproveitar de ti esta noite.
Capturareite, comereite viva
Coma animais, animais,
Coma animais.
Igual pensas que podes agocharte
Podo ulir o teu arrecendo a quilómetros.
Coma animais, animais,
Coma animais.
Nena vou...*

*Que me intentas facer comigo?
Parece coma se non puidésemos parar
Somos inimigos
Pero levámonos ben cando estou dentro de ti
Es coma unha droga que me estas matando
Acabaría contigo
Pero síntome tan ben cando estou dentro de ti
Ei, podes comezar novamente
Podes correr libremente
Podes atopar outro peixe no mar
Podes finxir que significou algo
Pero non podes estar lonxe de min
Aínda podo escoitarte facendo este ruído
Derrubándome
Arrastrándome polo chan
Podes finxir que era eu
Pero non.
Ei, ei, ei,
Non mintas, mintas, mintas, mintas (nena non mintas)
Ti non podes negar, ar, ar (ti non podes negar)
A besta de dentro, entro, entro, entro
Ei, ei, ei.*

6. Sublime (Santería)

I don't practice santería
I aint got no crystal ball.
I had a million dollars but I'd,
I'd spend it all.
If I could find that hyena
And that sancho that she's found,
well I'd pop a cap in sancho
and I'd slap her down.

What I really wanna know,
my baby,
what I really want to say I can't define.
Well it's love,



that I need, oh ,
but my soul will have to,
wait till I get back
and find hyena of my own.
Daddy's gonna love one and all.
I feel the break,
feel the break,
feel the break and I got to live it up,
oh, yea huh, well I swear that I.
What I really wanna know, baby,
what I really want to say
I can't define.
that love make it go,
my soul will have to...

What I really wanna say,
my baby,
What I really wanna say is I've got mine.
and I'll make it, Yes, I'm comin' up.

Tell sanchito
that if he knows what is good for him
He best go run and hide.
Daddy's got a new .45.
and I won't think twice
to stick that barrel straight down
sancho's throat.
Believe me when I say
that I got somethin for his punk ass.
What I really wanna know, my baby,
what I really wanna say
is there's just one,
way back,
and I'll make it, yea,
but my soul will have to wait.
yeah, yeah, yeah.

*Non practico a santería
Non teño unha bóla de cristal
Tería un millón de dólares pero,
Gastaría todo,
Se puidese atopar a esa hiena
E a ese "sancho" que ela atopou
Pegaríalle un tiro a Sancho
E faríao calar
O que realmente desexo saber,
Miña nena,
O que realmente quero dicir non o podo definir.
Ben, isto é o amor,
O que preciso, oh,
Pero a miña alma terá que,*

Agardar ata que regrese
 E atope unha hiena para min
 Papi vai amar a todo o mundo
 Sinto a ruptura,
 Sinto a ruptura,
 Sinto a ruptura e teño que cumprila
 Oh, si, uh, ben, xuroche que eu.
 O que realmente desexo saber, nena,
 O que realmente quero dicir
 Non o podo definir
 Que o amor fai ir
 A miña alma tera que...
 O que realmente desexo saber,
 Miña nena,
 O que realmente quero dicir, non as teño comigo
 Acadareino, si estou saíndo.

Dille a Sanchito
 Que se sabe o que lle convén
 Será mellor que corra agocharse
 Papy ten unha nova 45



E non o pensarei dúas veces
 Para poñerlle ese canón xusto
 Na gorxa de Sancho
 Creme cando che digo
 Que teño algo para o seu maldito traseiro
 O que realmente quero saber, miña nena,
 O que realmente quero dicir
 É que só hai un camiño de regreso
 E conseguireino, si,
 Pero a miña alma terá que agardar.
 Ei, ei, ei

Autoría

Unidade didáctica realizada por REBECA RASO PRAZERES

